




TÉCNICAS DE TEITADO CON PALLA







TÉCNICAS DE TEITADO CON PALLA:

1.	INTRODUCCIÓN	5
2.	ELEMENTOS DO TEITO	7
3.	UNIÓN DOS ELEMENTOS DO TEITO	11
4.	DA PALLA DE CENTEO AO COLMO	13
5.	FERRAMENTAS NECESARIAS PARA TEITAR	17
6.	TÉCNICAS DE TEITADO	19
	• Teitar á facha ou ó brincado	19
	• Teitar ó veo	22
	• Teitar á vara	26



INTRODUCCIÓN:

Os teitos de palla supoñen unha arquitectura de extraordinaria orixinalidade, vestixio dun pasado xa desaparecido no resto de Galicia, dunha importancia dende o punto de vista etnográfico e arquitectónico excepcional.

O expoñente máis importante desta arquitectura e a palla, orixinalmente nomeada pallaza, e sen lugar a dúbida algunha o elemento construtivo máis característico da Serra de Ancares.

Malia que afortunadamente aínda é posible ver pallozas en moitas aldeas de Os Ancares, a miúdo obsérvase o deficiente estado dos teitos (substitución dos materiais tradicionais por pranchas de fibrocemento, brincallos por cordas, colocación de lonas, etc...). Ademais das pallozas, atópanse hórreos de planta cadrada, armazón de madeira e cuberta de colmo, a miúdo substituída por lousa.

O progresivo deterioro dos teitos de palla dende varias décadas atrás ata os nosos días está ligado principalmente ó deterioro do sistema agrario tradicional da mon

taña e principalmente ó descenso do cultivo de centeo e á progresiva desaparición do coñecemento tradicional sobre a elaboración dos teitos.

Sobre este último punto, o coñecemento tradicional das técnicas de teitado, versa este documento, que intenta dar a coñecer o fabuloso e exclusivo patrimonio cultural asociado ós elementos construtivos máis representativos do sistema agrario tradicional e a paisaxe da montaña Ancaresa: as pallozas e os hórreos de teito.

Comezarase por facer unha descrición dos elementos estruturais do teito para posteriormente describir as tres técnicas presentes no territorio.

- A. ESTEO OU PE DE ARMAR
- B. TIXEIRAS
- C. FORCAS
- D. CUME
- E. CARREIRAS
- F. CANGOS
- G. RIPIAS
- H. GANSEIRAS

ELEMENTOS DO TEITO




Fig. 1: Elementos do teito. Tomado e modificado para sinalar as ripias de GIMSON, MARK: As pallozas. Colección Cultura Popular. Editorial Galaxia, Vigo 1983

ELEMENTOS DO TEITO:

A. Esteo ou pé de armar.

Viga dereita que serve para soste-lo teito. Terma de gran parte do peso do teito polo que sempre asenta nunha pedra maciza que actúa como base e distribúe o peso en toda a súa superficie. Nas pallozas do territorio atópanse esteos de carballo nas aldeas situadas en cotas de alturas máis elevadas e de castiñeiro nas cotas máis baixas.

No caso dos hórreos a función do esteo realízase o mozo, que ten unha sección con tantas caras como cangos se apoian nel.

Para instalalo necesítase un puntal que o suxeite namentres se insiren nel os cangos (elemento descrito seguidamente) de xeito caixa-espiga. Unha vez inseridos os cangos xa sosteñen eles mesmos o mozo e retírase o puntal de suxeición.

B. Tíxeiras

Son un par de madeiros que actúan xuntos como armadura para soste-lo cume xunto co esteo.

C. Forca

Apoio auxiliar intermedio constituído por un madeiro galledo colocado verticalmente para soste-lo teito. Atópanse ós lados da palloza e xeralmente sosteñen as “ti-

xeiras”. Xunto os esteos forman a “tixeirada”.

D. Cume / Aiga

Cumial da palloza. O habitual é que sexan dous maila que se atopan pallozas cun so. E de sección circular e ten polo menos 30 cm. de diámetro. Está sostido pola “tixeirada”.

E. Carreiras ou Tercias

Pezas auxiliares horizontais que van arredor do teito, pouco máis ou menos contra a súa metade. Esténdese dunha “tixeira” á outra. En ocasións están sostidas por unha forca.

F. Cangos

Fustes duns 20,00 cm. de diámetro dispostos radialmente, no caso dunha palloza redonda que se estenden desde o cumio ata as paredes da palloza cun apoio auxiliar nas carreiras. Atópanse separados entre si entre 1,20 e 1,50 m.




Fig 2. Partes estruturais do telhado dun hórreo.

G. Ripias

Son táboas toscas de carballo ou castiñeiro que van entre os cangos para termar a palla, orixinariamente non estaban cortadas senón escachadas ó xeito da madeira, para que non racharan mal máis tarde. En ocasións poden ser paus en vez de táboas.

As ripias deben ser estreitas, non máis de 15 ou 16 cm., para que os brincallos as abarquen, a elas e á palla, e quede brincallo para atar.

Así mesmo, a separación entre ripias non debe ser elevada, o suficiente para meter a man e atar o colmo en varios puntos.

O grosor soe ser de 4-5 cm. As máis longas están máis ben na base do teito.

H Ganseiras ou Gameiras.

Veñen sendo un par de trabes que enlazan os esteos e suxeitan un co outro proporcionándolles reforzo. Tamén serve de sostén do caízo ou caniceira (plataforma elevada uns dous metros sobre o nivel do chan , situada enriba da lareira e no medio do ástrago).



UNIÓN DOS ELEMENTOS DO TEITO:

Tradicionalmente non se utilizou nada de metal na construción das pallozas, polo que os pares de madeiros que compoñen as “tixeiras” e os cangos uníanse na parte superior por unha simple caixa-espiga.

A cuña, feita cun taco de madeira, entra na espiga para asegurar a unión e evitar que a espiga baile na súa caixa. Os pinos son ganchos de madeira que unen as ripias ó cango. Tamén se cravan na parte superior do cume das casas para evitar o movemento dos cangos, segundo informacións recollidas en Piornedo (Cervantes).




Fig. 3: Unión dos elementos do teito. Tomado de GIMSON, MARK: *As pallozas*. Colección Cultura Popular. Editorial Galaxia, Vigo 1983



Fig. 4: Pino sobre rípia da Palloza museo da Casa do Sesto de Piornedo (Cervantes).



DA PALLA DE CENTEO AO COLMO:

O colmo e a palla centea escollida. A palla, unha vez segada átase en mollos, e despois de mallada, atase en manizas. Estas manizas conservan herba que se segou coa palla e que resulta prexudicial no teito (porque podrece cedo e humedece o teito), e palla rota que non vale para teitar; polo tanto é preciso escoller a palla das manizas.

4.1 Escolmar

A operación de escoller a palla chámase escolmar a faise collendo un brazado pequeno ou un puñado grande de palla polas espigas e sacudindo o couce cara abaixo para que caia a herba e as pallas cortas. Unha vez feito isto cóllese a palla polo couce e sacódense de igual xeito as espigas para que caia a palla rota.

Esta operación faise nalgúns lugares, dende hai uns anos, con “peines” feitos con puntais de madeira sosti-dos por cabaletes aos que se lle cravaron puntas grandes de lousar:



Fig. 5: “Peines” sobre cabaletes para limpa-la palla.

Sobre estes e collendo das espigas peitéase o couce e acto seguido as espigas:



Fig. 6: *Membros da Asociación de Propietarios de Teitos de Palla escolmando. Pasado os puñados de palla polo “peine” de escolmar.*

Unha vez limpa a palla (desbotadas as pallas rotas e dobradas) palétase o couce para igualalo, collendo o puñado de palla polas espigas, sen apertar, e golpeando o couce contra o chan. As pallas enteiras soben deste xeito para arriba quedando todas niveladas, as rotas non quedan ó mesmo nivel e son as que se desbotan tirando delas cara fora.



Fig. 7: Paletando o puñado de palla para detectar as pallas rotas, dobradas ou cortas, por membros da Asociación de Propietarios de Teitos de Palla.

A lonxitude da palla debe ser similar para que o colmo sexa uniforme. Tradicionalmente sempre se utilizaron variedades de centeo locais, anovando a semente mediante intercambios.

As condicións de cultivo do centeo son moi importantes á hora de producir palla para teitar, débese facer un aboado correcto, non excesivo porque produciría moita gra e esta, co peso, deitaría a palla, estragándoa.

Tamén é imprescindible un correcto manexo da palla en todos os traballos (sega, carreto, mallega, almacenaxe...) para que non se rompa ou dobre.

4.2 Os Brincallos

Os brincallos, tamén chamados vencellos ou vilortas, aínda que este último termo é máis ben relativo aos feitos con xestas, son o elemento de atado do colmo ó teito.

Son cordas elaboradas cun puñado de palla de centeo, que se divide en dous, para facelo máis longo e despois retórcese para aumentar a resistencia. Explicámolo paso a paso:



Paso 1: Divídese o puñado de palla en dúas partes



Paso 2: Crúzanse os dous grupos de palla polas espigas.

Unha vez cruzados os dous grupos de palla retórcese cara fóra e aproveitando este primeiro xiro xa colocamos un dos cabos do brincallo debaixo do brazo esquerdo (pasos 3 e 4).

Nesta posición vaise dándolle voltas á palla coa man dereita mantendo as voltas apertadas coa man esquerda. A medida que se vai dando a volta a palla a man esquerda vai baixando suxeitando a volta feita. Neste intre vanse colocando as espigas entre a palla para que ó xirar na volta vaian quedando dentro (paso 5)

Unha vez que xa se ten feito este ramal, cóllese o brincallo coa man esquerda, marcando ben o medio co dedo polgar, para que vaia collendo forma e cambiase de ramal (paso 6).

Unha vez feito o cambio de ramal procédese do mesmo xeito que no anterior ramal (Paso 5) ata rematar o brincallo.

E moi conveniente mollar a palla para darlle máis flexibilidade e que resulte máis cómoda a operación.



Paso 3: Retórcese cara fora o grupo de espigas.



Paso 4: Colocación do ramal no brazo esquerdo.



Paso 5: Volteado da palla.



Paso 6: Cambio de ramal.



FERRAMENTAS NECESARIAS PARA TEITAR:

As técnicas de teitado necesitan moi poucas ferramentas, e as que se utilizan son de moi baixo custo. Unicamente se necesitan paletas, unha navalla ou “cúter”, un carro e algúns paus a modo de estacas para suxeitar a palla.

Paletas: As paletas son sempre feitas de madeira e contan cunha empuñadura e unha parte en forma de elipse moi apladada, case plana pero sen chegar a selo. A sección sería así:



Nas caras ten un estriado que acostuma a ser sinal de identidade de cada autor, que a miúdo eran os propios teitadores.

A función da paleta é empuxar a manada* para nivelala ben coa palla xa posta no teito. Esta operación faise unha vez colocado o colmo e pasado o brincallo, sen apertalo, dáselle uns golpes secos nas pallas sobresaíntes.

Carro: Ferramenta que conta cunha peza transversal similar a dos angazos, con dúas varas perpendiculares e un mango. O carro ten a función de suxeitar a palla no teito, para que o teitador a teña dispoñible para colocala e atala. Utilízase colocando as varas perpendiculares entre as ripias ou chantada no teito vello da esquerda.

Prescídese da necesidade de describir a navalla, o “cúter” e mailos paus.



Paletas da Palloza Museo casa do Sesto de Piornedo.

Carro da Palloza Museo casa do Sesto de Piornedo.



Utilización do carro no teitado dun hórreo no núcleo de Valgos, Setembro de 2012.

*Chamaselle manada aos puñados grandes de colmo que se collen para poñer no teito



TÉCNICAS DE TEITADO

Técnica nº1: Teitar á facha ou ó brincallo

Técnica coñecida amplamente no territorio e utilizada sobre todo na parte alta da Serra de Ancares, na que a palla se ata cun brincallo ás ripias e os cangos da estrutura do teito. Nesta técnica, a palla remúdase por completo en cada reteitado.

→ MATERIAIS:

- Palla de centeo escolmada.
- Brincallos.
- Uz branca (Erica arbórea), gromos novos e longos, cortados no minguante da lúa.

→ FERRAMENTAS NECESARIAS:

- Paletas, para empuxar o colmo para dentro, nivelándoo.
- Navalla, ou recentemente cúter, para cortar a palla sobrante no couce do colmo.
- Estacas, para marcar o brincallo e para soste a palla e non veña cara ó espazo de colocación do seguinte colmo (opcionais)
- Carro, para reter a palla no teito.

→ TÉCNICA:

Esta técnica desenvólvese por unidades chamadas “andadas”, consistentes en dúas manadas de palla: unha delas vai atada cun brincallo á ripia e a outra vai entre dúas manadas, atada por encima, ós brincallos de cada unha delas, imos por pasos:

O sentido de teitar sempre é de dereita á esquerda, para empezar faise media andada (unha soa manada) da base do teito ó cumio, para ser utilizada a modo de regra ou nivel.

Primeiro colócase unha manada na base e átase cun brincallo á ripia, xa sexa en lazada dobre ou simple. A lazada dobre faise de xeito que aparezan dous cabos do brincallo, un a cada lado, despois de facer un bucle na ripia.



Albino de Piornedo colocando a media andada inicial, no curso de teitado celebrado en Becerreá.



Detalle de lazada dobre en teito de hórreo.

A razón desta lazada dobre é asegurar que a primeira manada quede ben preta contra a ripia e abrir o teito no fondo.

Posteriormente vanse engadindo manadas por riba das anteriores de xeito que cada unha tape o brincallo da inferior. Así ata chegar ó cumio.

Desde que está feita esta media andada xa se continúa con andadas completas:

Volvemos á parte de abaixo do teito e atamos unha manada paralela á primeira que colocamos, algo desprazada á esquerda, cunha separación duns 6 ou 7 centímetros entre as dúas.

O xeito de atar estas manadas é pasando un brincallo en lazada por detrás da ripia (dobre se é a primeira da base e simple nas seguintes), quedando os dous cabos para arriba, entre os cabos colócase unha boa manada de palla. Acto seguido é collendo os dous cabos cunha soa man, antes de apertar, golpéase coa paleta o couce da manada para nivelar ben todo, unha vez nivelado empézase a darlle voltas ós dous cabos xuntos, apertando deste xeito o brincallo o máximo posible, chegado este momento retórcese e pasase o nó entre o brincallo e a palla que debe quedar o máis apertado que se poida.

Hai outro xeito de apertar ó brincallo: unha vez collidos os dous cabos cunha soa man e nivelada a palla coa paleta, dásele unhas voltas e introdúcese un pau duns 20,00 cm. de lonxitude para axudar a apertar, ségueselle dando voltas co pau e, unha vez ben preto, co propio pau introdúcese o nó entre o brincallo e a palla. Despois, coa punta do pau, estírase un pouco o lazo para asegurar o nó. Deste xeito con-

séguese maior tensión de apertado pero o nó queda máis avultado no teito.

Una vez atada esta manada ponse a segunda parte da andada: colócase palla no medio das dúas manadas que quedan paralelas e, para asegurala, sometese o brincallo nos atados das manadas de entrambos lados, atándoo por riba.

Esta segunda manada só ten brincallo por riba, hai que atalo ben forte de xeito que o apertalo non tire moito do nó dos de abaixo, porque pode desfacerlos.

É conveniente ter levantado cunha paleta a manada da dereita para someter ben a palla nova contra a vella e para que non queden pallas dobradas pois colarían a auga para dentro.

Unha vez completada a andada base vaise subindo de xeito que os colmos de enriba van tapando as espigas e os brincallos dos de abaixo.

O sentido de teitado e sempre de dereita á esquerda. Para rematar, na última andada, como non temos espazo nas ripias para apoiarnos colocamos unha escada longa que alcance o cumio. Dende esta escada pasamos un brincallo pola ripia e polos dous brincallos, un a cada lado, quedando deste xeito asegurada a manada en tres puntos. Despois colócase a manada de palla, palétase e átase. Esta operación, de atar tres puntos, tamén se realiza cando se quere ir pechando o teito, para adaptarse á propia forma das casas ou

dos horros.

Para facer o remate superior, nas proximidades do cumio, non queda espazo suficiente para pasar o brincallo entre as ripias, polo que se remata ca técnica ó veo descrita en profundidade noutro apartado deste documento. Cabe sinalar, non obstante, que nas pallozas e nos hórreos dalgunhas zonas non se remata con pico ou capirote como se describe nesa técnica, o remate final faise entrecruzando unha boa capa de colmo ben repartido no cumio e atando directamente co veo.

No caso que se queira arranxar só un pedazo do teito, habería que sacar toda a palla esmagada e os brincallos deteriorados, unha vez saneado todo, incluídas as ripias se é preciso, levantaríanse os couces superiores e a palla contigua lateral para descubrir os brincallos nos que teremos que atar o teito novo, procedendo a completar as andadas, seguindo a forma inicial na que están colocadas.

Neste caso vanse facendo as andadas como explicamos anteriormente pero sen facer a media andada inicial, porque o brincallo de arriba vai atado ó brincallo do teito vello pola dereita. Cando o teito vello está moi deteriorado e os brincallos ameazan con romper procurárase atar en tres puntos (ripia, brincallo da manada esquerda e brincallos da manada dereita) para que quede máis seguro.

Nos horros de palla teitados mediante esta técnica tamén se acostuma colocar no fondo unha facha, tal e como se describe na técnica seguinte.



O mestre Albino, da Casa do Sesto de Piornedo colocando un pau para apertar un colmo na Festa da Malla de Becerreá 2012



Colocación da palla por riba das manadas que van atadas o teito. Obsérvese que o brincallo so vai por riba. Teitado de Horreo en Valgos, Cervantes no setembro de 2012.

Técnica nº2: Teitar ó Veo

Técnica na que a palla non se ata ás ripias e na que se engaden novas capas de palla sobre a capa antiga, gastada, apertadas por un veo que recorre todo o teito dende o pico ao fondo.

→ MATERIAIS:

- Palla de centeo escolmada.
- Uz branca (Erica arbórea), gromos novos e longos cortados no minguante da lúa.
- Cordón gordo de palla, ou doutro material, tan longo como a base do teito.

→ FERRAMENTAS NECESARIAS:

- Paletas, para empuxar o colmo para dentro, nivelándoo.
- Navalla, ou recentemente cúter, para cortar a palla sobre o couce do colmo.

→ TÉCNICA.

O primeiro paso é facer un cordón gordo de palla ou doutro material (uz, xesta...) que se ata cun brincallo ás ripias de madeira. Iste cordón chámanlle “FACHA” na zona central do concello de Cervantes e no occidente do Principado de Asturias limítrofe con Navia de Suarna chámanlle “COLUMELA”. Faise colocando puñados de palla en serie,

xuntando os couces dun puñado cas espigas do anterior e atándoos con brincallos.

Se se teita por primeira vez colócanse unhas xestas coa rama cara arriba e atadas polo toro cun brincallo á primeira ripia, de xeito que se toquen as ramas. Acto seguido colócase a facha.

Estas xestas permitirán reter a palla que se coloque a posteriori.

Cando reteitamos non se require a colocación das xestas, a palla vella xa fai de sostén da nova.





O instrutor Taín de Valgos (Cervantes) colocando o primeiro nivel de palla sobre a facha. Curso de Teitado con Palla de Becerreá (Lugo), Outubro-Novembro 2012

O segundo paso é ir colocando as manadas, de abaixo para arriba. O primeiro nivel de palla sostense na facha cravada na base do teito. Os seguintes niveis sostéñense co anterior nivel cravando o couce da manada que se poña e abrindo, a modo de abanico, para estender a palla no teito. Esta operación realízase ata o cumio. Sinalar que a palla debe quedar o máis apertada posible.


Xusto antes de chegar ó cumio instálase o pico que se fixo previamente no chan, e que nos permitirá pechar o teito e soste-la palla do último nivel.



O mesmo instrutor nun nivel superior

Pico ou Capirote

Este pico faise do seguinte xeito: Collese un bo colmo, móllase para darlle máis flexibilidade á palla e despois vanse collendo puñados de espigas da parte exterior do mollo, retórcense dándolles unha volta cara abaixo contra o lado de fóra; así ata darlle toda a volta ó mollo. Unha vez feito isto apértanse estes puñados retorcidos e volteados cun cordel, que despois quedará tapado por un brincallo exterior. O brincallo exterior, tapadeira, faise trezando un puñado de palla a continuación doutro, cando se remata este engádesse outro, e así ata acadar a lonxitude necesaria. Despois faise un nó de estacha cas voltas suficientes para que tape o cordel e tódalas espigas. A lazada inicial faise o suficientemente ampla para que cubra todas as espigas dobradas e o cordel que as amarra (paso 1 da fig.).



Nó de estacha que se utiliza para tapar as espigas e o cordel de amarre



Pico, capelo ou corchela en hórreo de Valdeferreiros (Concejo de Ibias)

Posteriormente ascendese envolvendo a lazada e todo o mollo de palla cubrindo as espigas e o cordel de amarrar. (paso 2 da fig.)

Para rematar o nó pásase o cabo ascendente por entre a lazada e tírase do outro cabo que quedou debaixo da envoltura.

Por último cortase o sobranche dos cabos libres e as espigas que quedaron no centro do mollo.

Para rematar chántase un pau no mozo do hórreo e cravase este pico ou sombreiro nel, de xeito que o pau sobresaia por riba. Para selar todo colócase unha lousa redonda que cubra toda a superficie cun burato no medio por onde sae o pau.

Despois de colocar o pico ponse o último nivel de palla que será suxeitado polo couce do propio pico.

Unha vez colocada toda a palla, e o pico, empézase a poñer o veo o antes posible. O veo consiste na suxeición da palla mediante un trenzado de ramas de uz branca cortada, e isto é importante, en lúa minguante, xeralmente de setembro, despois de recoller a palla e preparar os colmos.

Os veos deben estar preparados con antelación: deben estar afiados na punta, polas catro caras e quítanselles as ramallas, salvo un ramallete na punta. Unha vez cortadas as ramas tamén se lles quitan as irregularidades que

lles quedan nas gallas, golpeándoas ca parte plana do machado.

Envease cun so cordón feito cunha cana central cravada cara arriba e para atrás, para que a auga non entre a traveso del. O modo de iniciar o enveado é: estando en posición sentada, co pico do teito entre as pernas, cravase un veo cara arriba e contra atrás, a este incorpóranselle veos novos cada 20,00 cm. alternado os lados, un por arriba e outro por abaixo, e vanse retorcendo todos xuntos, unha vez cravados.

O sentido de enveado sempre é de esquerda a dereita. Unha vez feita a primeira volta xa podemos apoiar o pé dereito no veo que se está a facer, calcando ben o pé para apertar o veo. Este veo xa suxeita ben o corpo permitíndonos estar no teito. A medida que incorporemos máis voltas xa adoptamos a posición definitiva, que é a de ter o pé dereito calcando o veo que imos facendo, e o esquerdo e o noso cu no nivel anterior, podendo estar dous niveis por encima (desta maneira teremos máis forza no pé dereito para cravar os veos pero adoptamos unha posición máis incómoda para trenzar o veo).

Continúase en espiral ata cubrir todo o teito rematando na base.

E moi conveniente evitar as primeiras horas da tarde para iniciar a colocación do veo pois os ventos de ladeira que sopran, sobre todo no verán, nas zonas de montaña levarían toda a palla.



Pico ou sombreiro que se coloca no pico do teito do hórreo.

Posición de apertado e trenzado do veo.



Remate final do veo nun Hórreo en Molmean.



Pico en hórreo no núcleo de Molmeán, concello de Navia



Técnica nº3: Teitar ó Vara

Técnica propia da zona de As Nogais e Pedrafita do Cebreiro, consistente en asegurar a palla con varas de abraira ou avelaira (*Corylus avellana*) principalmente aínda que tamén se pode utilizar capudre (*Sorbus aucuparia*) ou sabugueiro (*Sambucus nigra*). Trátase de crear unha capa boa de xestas sobre a que se lle incorpora palla apertada con varas.

→ MATERIAIS:

- Palla de centeo escolmada.
- Brincallos.
- Uz branca (*Erica arbórea*), gromos novos cortados no mingunte da lúa.
- Xestas (*Cytisus striatus*) grandes para a broza e xesta negra (*Cytisus scoparius*) mediana e nova para a o veo.
- Varas de abraira, capudre ou sabugueiro.

→ FERRAMENTAS NECESARIAS:

- Paletas, para empuxar o colmo para dentro, nivelándoo.
- Navalla, ou recentemente cúter, para cortar a palla sobrance polo couce.

→ TÉCNICA:

Iniciase ca colocación da broza (cama de xestas) duns 30-40,00 cm. de grosor contra as ripias co couce cara arriba e perpendicular ás ripias, pásase por debaixo delas e átanse cos propios gromos da xesta á ripia ou con brincallos ou viortos, tradicionalmente, e máis recentemente arames.

A broza ten que cubrir todo o teito. Cara ó cumio como non queda espazo para pasar os couces da xesta pola ripia, crúzanse uns cos outros.

Para apertar a broza, indispensable para cravar as varas, utilízase un veo distinto ao da técnica nº 2, anteriormente descrita. Faise con xestas novas de tamaño mediano (para manipulalas con máis facilidade), retorcidas e, de ser posible, da variedade de xesta negra pola súa maior dureza fronte á branca.

O trenzado comézase cravando o couce dunha xesta cara arriba e dándolle rapidamente unha orientación horizontal ó brote. Unha vez nesta posición crávanse uns brotes perpendiculares cada 30,00 cm.

Cando o trenzado horizontal, que se fai sempre engadindo brotes por abaixo, nunca por riba, chega á altura do brote cravado perpendicular, este pasa por debaixo collendo uns brotes do horizontal e fai unha lazada por riba do brote horizontal volvendo a quedar finalmente por debaixo. Ó chegar ó seguinte brote perpendicular faise o mesmo. Tras facer unha volta completa xa temos unha serie de brotes dispostos perpendicularmente do trenzado da liña anterior, cos que facemos a mesma operación.



Colocación de xesta para crear a broza na estrutura do teito



Veo con sentido do atado vertical. O trenzado horizontal só engadindo veos por baixo



Veo para apertar a broza.

Unha vez temos enveado a broza, ben apertada, pódese cravar nela as varas que suxeitan a palla; por riba colócase a palla.

A palla incorpórase en manadas e suxeitase cas varas de dereita a esquerda. As varas deben estar preparadas de antemán, afiadas polas dúas puntas, cunha cuña feita no lado da dobrez da vara en cada un dos cabos.

Para colocar a palla, primeiro crávase unha vara horizontal duns 90,00 cm. de lonxitude e 2,00 cm. de grosor a un terzo do couce ca cuña cara arriba e outra vara máis pequena e máis fina para apertar as espigas. Unha vez instaladas as varas apértanse ben forte no medio. A seguinte manada colócase paralela cravando a vara por debaixo da anterior manada de xeito que o cabo desta vara quede por riba do outro lado da vara anterior, (ver figura).

Desde que se lle dá unha volta ó teito completando este primeiro nivel vanse colocando manadas na zona intermedia, entre manada e manada, para encher os ocos e para tapar as varas e tamén se atan como as anteriores.

Nos seguintes niveis superiores procedese do mesmo xeito maila que en ocasións mátese unha andada para ir acometendo o estreitamento do teito.

O remate no cume faise teitando ó veo. O pico final faise colando unha rama gallada coa punta cara arriba e atando en cada rama unha man de palla a cada lado, pola parte da espiga, e deixando caer o couce da palla polo teito e atando posteriormente co veo.

Por último colócase un pau por dentro a través do mozo a modo de remate.




Hórreo teitado á vara en Fonfría, Concello de As Nogais

: Detalle de terminación dun Hórreo teitado á vara co veo final e o pico. Barxamaior. Concello de Pedrafita do Cebreiro



Zonas de colocación de manadas para tapar os regos



Colocación da vara para suxeitar a palla.







Asociación de Desenvolvemento Rural Ancianos Council



agader

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



masovera



LEADER GALICIA
PARTICIPA



**XUNTA
DE GALICIA**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE